

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Orde do 20 de xuño de 2007 pola que se nomean vogais do Xurado de Expropiación de Galicia.

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, prevé, no seu artigo 232, modificado pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, a creación do Xurado de Expropiación de Galicia como órgano colexiado permanente da comunidade autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a Administración expropiadora sexa a comunidade autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial. O dito precepto dispón, entre outros particulares, a composición do xurado, sendo desenvolvido mediante o Regulamento de organización e funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia, aprobado mediante o Decreto 223/2005, do 16 de xuño. O artigo 4 deste regulamento establece, en distintas partes do seu parágrafo 2º, respecto da composición do xurado, que diversos organismos, entidades e colexios profesionais propoñan, cada un deles, un representante que actuará como vogal titular. Así mesmo, prevese a designación do mesmo xeito dun vogal suplente, que actuará en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa que imposibilite a asistencia daquel titular. Todos eles serán nomeados polo conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio. O mandato destes vogais será de catro anos, renovables por períodos de igual duración, que comezará a computarse desde o día seguinte ao da publicación do nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*, podendo ser, se fose o caso, substituídos.

Desde a constitución do Xurado de Expropiación de Galicia publicáronse no *Diario Oficial de Galicia* dúas ordes de nomeamento de vogais, concretamente a Orde do 2 de febreiro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 30, do 13 de febreiro) e a Orde do 6 de abril de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 86, do 5 de maio).

Considerando que o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, como consecuencia da recente renovación dos seus membros, informa o Xurado de Expropiación de Galicia do acordo plenario tomado o 16 de abril de 2007, relativo á designación dun novo representante no Xurado de Expropiación de Galicia, cómpre nomear coas formalidades previstas regulamentariamente ao novo vogal titular en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios e o seu suplente.

Polo exposto,

DISPOÑO:

Artigo único.-Nomear as persoas que se relacionan a continuación como vogais do Xurado de Expropiación

de Galicia, en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, na súa condición de vogal titular e suplente.

Titular: Graciela Campos Seijo.

Suplente: María de la O Cores Lamas

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2007.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 18 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se resolve a convocatoria de axudas para financiar proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino privados de Galicia.

A secretaria xeral de Política Lingüística, de acordo co previsto na Resolución do 13 de febreiro de 2007 pola que se anunciaba a convocatoria de axudas para financiar proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino privados de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato, e formación profesional, para o ano 2007 (DOG nº 39, do 23 de febreiro) e, vista a proposta de resolución de adxudicación formulada polos gabinetes de normalización lingüística provinciais, de acordo coas puntuacións outorgadas polas respectivas comisións provinciais de avaliación aos proxectos de fomento do uso do galego presentados polos equipos de normalización lingüística (ENL) dos centros de ensino privados de Galicia,

RESOLVE:

1. Financiar coa contía que se indica os proxectos presentados polos centros que figuran no anexo I desta resolución.

Os proxectos que se sinalan foron salientados polas comisións cualificadoras por mor da súa calidade, polo que se concedeu un suplemento económico a todos eles equivalente a 200 €.

2. Excluir os proxectos presentados polos centros que se indican no anexo II, por seren presentados fóra do prazo previsto na convocatoria.

Conforme o previsto no artigo 13 da convocatoria, contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición, segundo o previsto nos artigos 116 e 117 da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, perante a secretaria xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria, ou ben presentar recurso contencioso-administrativo directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2007.

María Sol López Martínez
Secretaria xeral de Política Lingüística

ANEXO I

Provincia da Coruña

	Concello	Centro	Total puntos	Cantidade concedida(€)
1	A Coruña	A Grande O. de Atocha	13,0	1.162
2	A Coruña	CPR Calasanz	13,9	1.242
3	A Coruña	CPR Compañía de María	13,7	1.224
4	A Coruña	CPR Escravas Sgdo. Corazón de Xesús	9,6	858
5	A Coruña	CPR Fillas de Xesús	9,6	858
6	A Coruña	CPR Franciscanos	8,1	687
7	A Coruña	CPR López y Vicuña	5,5	491
8	Arzúa	CPR Nosa Señora do Rosario	4,7	420
9	Cee	CPR Manuela Rial Mouzo	6,4	572
10	Culleredo	CPR A Ponte Pasaxe	6,0	536
11	Culleredo	*CPR Andaina	11,6	1.237
12	Ferrol	CPR Xesús Mestre	6,0	536
13	Ferrol	CPR Ludy, SCG	3,9	348
14	Ferrol	CPR Sagrado Corazón	7,0	625
15	Ferrol	CPR Santa Xoana Lestonnac	5,1	455
16	Narón	CPR Jorge Juan	5,4	482
17	Narón	CPR Santiago Apóstolo	7,8	697
18	Noia	COPR María Assumpta	10,5	938
19	Santa Comba	CPR Nosa S ^a Inmaculada	5,4	482
20	Santiago de Compostela	CPR Compañía de María	8,1	724
21	Santiago de Compostela	CPR La Salle	12,3	1.099
22	Santiago de Compostela	CPR Nosa Señora dos Remedios	9,1	813
23	Santiago de Compostela	CPR Raiola	6,2	554
24	Santiago de Compostela	CPR San Francisco Xavier	5,3	473
25	Santiago de Compostela	CPR San Jorge	5,3	473

Provincia de Lugo

	Concello	Centro	Total puntos	Cantidade concedida(€)
1	Foz	CPR Martínez Otero	6,70	598
2	Foz	CPR Nuestra Señora del Pilar	6,70	598
3	Lugo	*CPR María Auxiliadora	14,70	1.514
4	Lugo	CPR La Inmaculada	11,90	1.063
5	Lugo	CPR La Milagrosa	7,40	661
6	Lugo	CPR Divino Maestro	7,30	652
7	Lugo	CPF Galén	6,60	586
8	Lugo	CPR Divina Pastora	9,10	813
9	Monforte de Lemos	CPR Divina Pastora	6	536

	Concello	Centro	Total puntos	Cantidade concedida(€)
10	Monforte de Lemos	CPR Ferroviario	6,70	598
11	Sarria	*CPR Ntra. Sra. de la Asunción	12,20	1290
12	Sarria	CPR La Merced	10,90	974

Provincia de Ourense

	Concello	Centro	Total puntos	Cantidade concedida(€)
1	Ourense	CPR Colexio Santo Ángel	9,8	876
2	Ourense	CPR Postal Escuela De Negocios	7,6	679
3	Celanova	CPR Colexio Sagrado Corazón	9,4	840
4	Ourense	CPR Colexio Santa María "Maristas"	13,7	1.224
5	Ourense	CPR Colexio Santa Teresa de Jesús "Carmelitas"	12,3	1.099
6	Barbadás	CPR Colexio Madre de Dios	6,9	616
7	O Carballiño	CPR Colexio Vila do Arenteiro	6,7	598
8	Ourense	CPR Colexio Miraflores	6,1	545
9	Ourense	CPR Colexio Concepción Arenal	6,1	545
10	Ourense	CPR Colexio Divino Maestro	7,3	652
11	O Carballiño	CPR Colexio Sagrado Corazón	7,3	652
12	Ourense	CPR Colexio San José	11,2	1.001
13	A Rúa	CPR Colexio Pablo VI-Fátima	7,3	652
14	O Barco de Valdeorras	CPR Colexio Divina Pastora	13,3	1.189

Provincia de Pontevedra

	Concello	Centro	Total puntos	Cantidade concedida(€)
1	Caldas	CPR La Encarnación	6,7	598
2	Cangas	CPR Compañía de María	11,2	1.001
3	Marín	CPR San Narciso	9,2	822
4	Mos	CPR Lar	5,1	455
5	Neves, As	EFA A Cancela	3,4	303
6	Nigrán	CEEPR Juan María	6,1	545
7	Nigrán	CPR Estudio	4,5	402
8	Ponteareas	CPR La Inmaculada	9,4	840
9	Pontevedra	CPR Calasancio	7,7	688
10	Pontevedra	CPR Juan XXIII	6,9	616
11	Pontevedra	CPR Rizzo Belle 2	2	178
12	Porríño	CEE Aceasca	5,5	491
13	Redondela	CPR Vigo	5,7	509
14	Tui	Santa M ^a Maristas	8	715
15	Vigo	CPR Barreiro	5,9	527
16	Vigo	CPR Alba	8,4	750
17	Vigo	CPR Las Acacias	5,1	455
18	Vigo	CPR Aloya	6,6	590
19	Vigo	C. Amor de Dios	8,1	724
20	Vigo	CPR Atalaya-Cantabria	3,3	295
21	Vigo	CPR Comp. de María	8,8	786
22	Vigo	CPR Divino Salvador	8,4	750
23	Vigo	CPR Hijas M ^a Inmaculada	7,5	670
24	Vigo	CPR Labor	5,1	455
25	Vigo	CPR Losada	4,5	402
26	Vigo	CPR Mariano RR Franciscanos	9,5	849
27	Vigo	CPR Martín Códax	10,9	974
28	Vigo	CPR Mendiño	6,1	545
29	Vigo	CPR Miralba	8,1	724
30	Vigo	CPR Montesol Soc.Coop. G.	6,7	598
31	Vigo	CPR Monterrei	6,7	598
32	Vigo	CPR Possumus	5,9	527

	Concello	Centro	Total puntos	Cantidade concedida(€)
32	Vigo	CPR Possumus	5.9	527
33	Vigo	CPR Salesianos M ^a Auxiliadora	6.9	616
34	Vigo	CPR San José de Cluny	7.6	679
35	Vigo	CPR San José de la Guña	6.4	572
36	Vigo	CPR Atántida	6	536
37	Vigo	CPR Daniel Castelao	10	894
38	Vigo	CPR Escolás Nieto	6.7	598
39	Vigo	CPR Mercantil	8.7	777
40	Vigo	CPR Santa Cristina	6	536
41	Vilagarcía de Arousa	CPR Filipense Sagrada Familia	7.7	688
42	Vilagarcía de Arousa	CPR San Francisco	5.9	527

ANEXO II

Relación de proxectos excluídos

A Coruña

Fóra de prazo

	Concello	Centro
1	A Coruña	Colexio Liceo la Paz
2	Betanzos	CPR Nosa Señora do Carme
3	Ferrol	Colexio La Salle
4	Santiago de Compostela	Colexio Divino Maestro
5	Santiago de Compostela	Colexio Santa Apolonia

Lugo

Non hai proxectos excluídos

Ourense

Incumprimento do requisito 3c)

	Concello	Centro
1	Ourense	Divina Pastora

Pontevedra

Fóra de prazo

	Concello	Centro
1	Porriño, O	C. SantoTomás
2	Vigo	CNS de la Esperanza
3	Vigo	Don Bosco Salesianas
4	Vigo	Escola Rosalía de Castro
5	Vigo	Padre Míguez-Calasancias

Incumprimento do requisito 3c)

	Concello	Centro
1	Cangas	CPR Eduardo Pondal

Resolución do 4 de xullo de 2007, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas provisionais das axudas aprobadas e denegadas das prestacións de discapacitados, vivenda, maiores a cargo e gastos sanitarios do Fondo de Acción Social para o exercicio de 2006 para o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido no punto dous das normas xerais de procedemento do acordo subscrito en Santiago de Compostela o 15 de decembro de 2006 polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSI-CSIF representadas na mesa xeral de negociación de funcionarios e no comité intercentros do persoal laboral, así como na Comisión de Concesión das Axudas de Acción Social, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 21 de decembro de 2006 e publicado por Resolución do 28 de decembro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 4, do 5 de xaneiro de 2007), da

Dirección Xeral de Relacións Laborais, deben publicarse as listas provisionais de admitidos e excluídos das axudas do Fondo de Acción Social para o exercicio de 2006, correspondentes a discapacitados, vivenda, maiores a cargo e gastos sanitarios.

De conformidade con isto, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas as listas provisionais das solicitudes aprobadas e denegadas das prestacións correspondentes ás axudas de discapacitados, vivenda, maiores a cargo e gastos sanitarios, do Fondo de Acción Social do ano 2006, que están expostas no taboleiro de anuncios de todas as consellerías, nas delegacións provinciais e relativos ao seu persoal, así como na páxina web: www.xunta.es.

Segundo.-Contra estas listas os interesados poderán presentar reclamacións e, de ser o caso, documentos de reparación de faltas e erros no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no punto 2 da norma xeral de procedemento do acordo sobre criterios de repartición do Fondo de Acción Social para o exercicio de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 4, do 5 de xaneiro de 2007), no rexistro xeral da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas delegacións provinciais das distintas consellerías e nas oficinas de correos, segundo o establecido no artigo 38 da mencionada Lei 30/1992, do 26 de novembro, e dirixiranse á directora xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano), Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2007.

María del Mar Rodríguez Fernández
Directora xeral da Función Pública

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Resolución do 15 de xuño de 2007 pola que se publica o estado de execución do orzamento da comunidade autónoma e as súas modificacións, e a situación da tesouraría e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias correspondentes ao primeiro trimestre de 2007.

De acordo co previsto no artigo 117 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, dáselle publicidade ao estado de execución do orzamento da comunidade autónoma e as súas modificacións, e a situación de tesouraría e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias correspondentes ao primeiro trimestre de 2007, que figuran como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2007.

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda